

**RESUMO PECHE DE CONTAS
2025**

**COLEXIO OFICIAL DE
ARQUITECTOS DE GALICIA**

INTRODUCCIÓN

As Contas Anuais son os documentos contables que recollen a información financeira da entidade durante un exercicio económico. Compóñense da conta de perdas e ganancias, o balance e a memoria.

1. CONTA DE PERDAS E GANANCIAS (PyG)

A Conta de Perdas e Ganancias recolle todos os ingresos e gastos que xerou o COAG durante un exercicio. A diferenza entre os gastos e ingresos indicará o resultado do exercicio e se este xerou perdas ou ganancias. O ano 2025 pechouse cun resultado positivo de 246.706 € fronte a un resultado en 2024 de 193.355 €

	2024	2025
Ingresos corrientes	3.377.747	3.750.724
Gastos corrientes	-2.651.947	-2.927.352
EBITDA	725.799	823.372
Amortizacións	-275.887	-319.104
Gastos e ingresos financeiros	-175.949	-144.057
Impuesto s/sociedades	-80.608	-113.579
Resultado del ejercicio	193.355	246.632

En 2025 houbo un maior gasto fiscal debido a uns beneficios superiores.

Un dos indicadores da Conta de perdas e ganancias é o EBITDA. É o resultado bruto de explotación que se calcula antes de intereses, impostos e amortizacións, illando exclusivamente a actividade da entidade para ver se realmente é capaz de xerar un resultado positivo.

O anterior cadro reflicte os compoñentes do resultado a partir do EBITDA (resultado antes de intereses, impostos e amortizacións), o cal é moi similar ao do exercicio anterior.

A continuación, detállanse as principais partidas de gastos e ingresos xeradas polo COAG durante o ano 2025.

1.1. PeG_Gastos de explotación (servizos externos)

Dentro da conta de Perdas e Ganancias, destaca polo seu importe a partida de Gastos de explotación, que recolle os gastos inherentes ao desenvolvemento normal da actividade da organización colexial, excluindo os gastos de persoal, financeiros e de amortización.

A continuación, desagreganse os principais gastos, dos cales os sinalados en azul tiveron contrapartida de ingresos:

	2024	2025
CSCAE	97.952	99.989
Convenio Colexios de apareladores	101.596	100.276
Profesionaies (formación - actividades - cultura)	132.292	278.401
Convenio Proxecto Terra	87.582	160.724
Gastos delegacións	71.960	63.716
Asesoría e comunicación	54.628	62.974
Correo electrónico Google	54.015	79.209
Reparación e conservación de inmobles	53.618	25.191
Comunicacións	49.268	49.657
Convenio Xunta de Galicia - asistencia pericial	48.043	19.353
Limpeza de instalacións	45.147	47.015
Tributos	41.214	40.339
Prorrata IVE	39.011	41.243
Gastos xurídicos	38.907	37.650
Outros gastos	33.937	27.516
Mantemento aplicacións informáticas	30.816	25.305
Suministros xerais	28.112	27.776
Gastos convenios	17.310	3.461
Profesionaies (outros)	16.462	16.620
Comunidade	13.989	15.344
Arrendamentos de inmobles	8.160	8.160
Servizos bancarios	5.632	21.892
Perdas netas saldo clientes	2935	2.744
	1.072.586	1.254.555

Alguns destes gastos de explotación corresponden á xestión de actividades que xeran ingresos para a entidade:

	2024		2025	
	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos
Profesionais (formación - actividades - cultura)	168.337	132.292	220.269	278.401
Convenio Colexios apareladores (CFO)	46.455	101.596	46.071	100.276
CSCAE	101.265	97.952	104.939	99.989
Correo electrónico Google*	75.036	54.015	78.706	79.209
Convenio Proxecto Terra	54.000	87.582	158.978	160.724
Convenio Xunta de Galicia - asistencia pericial	52.378	48.043	20.175	19.353
Outros convenios	70.011	17.310	6.000	3.461
	567.482	538.790	635.138	741.413

*Non inclúe o custo do soporte de primeira liña asumido polo persoal do COAG.

Analízanse as partidas de gasto con diferenzas significativas con respecto ao ano anterior:

- Dentro da partida “Profesionais formación-actividades-cultura” recóllense os gastos dos cursos e eventos celebrados no COAG. Durante o exercicio 2025 non se celebrou o Curso Superior de Urbanismo. Por outra banda, no exercicio 2025 realizáronse as seguintes actividades de asesoramento e charlas para colexiados, algunhas sen contrapartida de ingresos:

	Gastos	Ingresos
Formación*	107.561	134.659
Premios COAG	57.717	42.000
Revista Obradoiro	34.800	23.703
Axudas culturais + outras actividades culturais	27.016	12.007
Congreso AGAU	16.686	4.900
Oficina rehabilitación: asesoramento	11.200	
Aplicación concursos	7.106	
Outras charlas y actividades	6.600	
Dixitalización de libros e exposicións	5.225	
Charlas Arquitectura proximidade	3.287	3.000
Charlas Arquitecturas do frío	1.572	
	278.770	220.269

* Os ingresos cobren os custos de persoal e das plataformas informáticas.


- En 2024 executáronse obras de mantemento e reparacións en varios dos inmobles do COAG.
- En 2024 reduciuse a actividade do Proxecto Terra debido ao atraso na firma do convenio. En 2025 desenvolvéronse as actividades durante todo o exercicio.
- Hai un aumento nos gastos bancarios debido á cobranza da comisión bancaria causada pola subrogación do préstamo hipotecario de Abanca a favor de Arquia, cuxa operación se realizou en setembro de 2025

1.2. PeG_Gastos de persoal

Os gastos de persoal aumentan en 70.098 € con respecto a 2024 debido á contratación de dous arquitectos ao longo de 2025.



1.3. PeG_Gastos financeiros

Os gastos financeiros pasaron de 185.678€ a 171.911 € debido á operación de subrogación do préstamo hipotecario de Dr. Cadaval de Abanca a Arquia e á diminución do euríbor.




1.4. PeG_Ingresos de visado e de colexiación

Os ingresos pola supervisión técnica de proxectos no exercicio 2025 aumentaron en 254.680 €, pasando de 1.679.400 en 2024 a 1.934.080 e en 2025. O que supón un aumento nos ingresos por visado dun 15,16% con respecto a 2024. Por unha banda aumentou o prezo da unidade de complexidade, de 0,73 a 0,76 e por outra lado aumentou o volume de expedientes a visar.



En relación coas cotas de colexiación e paquetes de servizos, ampliáronse as bonificacións e, tomando como referencia o 3,15% que aplica o CSCAE ás cotas, aplicouse esa mesma subida tanto ás cotas como aos paquetes de servizos.

Os ingresos por cotas e servizos aumentaron nun 5,74%, polo efecto da aplicación do IPC e polo aumento do número de colexiados.



Os ingresos por cotas, servizos e visado, que realizan os arquitectos, supuxeron un 82,73% do total de ingresos, fronte ao 74,79% do exercicio 2024

1.5. PeG_Ingresos de patrocinadores, convenios e subvencións

No seguinte cadro enuméranse os convenios e actividades asinadas con diferentes Administracións Públicas que supuxeron ingresos en 2025:

	2025
Proxecto Terra - Xunta	154.978
Convenio Concello de Carballo	6.000
Convenio Consellería Xustiza Asistencia pericial	20.175
Total:	181.153

Ademais, en 2025 se obtivéronse os seguintes ingresos por patrocinios:

Galicia. Arquitectura de Proximidade	AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL	3.000
Patrocinio Congreso AGAU	COMUNICANDO CONSULTORÍA DE COMUNICACIÓN SLU	1.500
	ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE GRANITEIROS	800
	ESRI ESPAÑA SOLUCIONES GEOESPACIALES, S.L.	1.500
Patrocinio Libro Mis Casas	SETGA S.L.U.	5.000
Patrocinio Revista Obradoiro nº 35	PORCELANOSA BATIMAT SAU	600
	FORBO PAVIMENTOS, S.A.	600
	CLUSTER DA MADEIRA E O DESEÑO DE GALICIA	900
	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	600
	MURPROTEC ESPAÑA, S.L.U.	600
	MADERAS RUBÉN GALICIA S.L.U.	900
	MADERAS BESTEIRO, S.L.	600
	VELUX SPAIN S.A.U.	600
	EXLABESA BUILDING SYSTEMS SAU	900
	STILINEA COCINAS, S.A.	900
	THERMOCHIP S.L.U	900
	COMUNICANDO CONSULTORÍA DE COMUNICACIÓN SLU	900
	SANTRIBER, S.L.	900
	LET IT LIGHT S.L. (LUCEO)	600
	INDUPANEL, S.L.	900
	TEJAS VERA, S.A.U.	600
	RODIÑAS PRETENSADOS, S.L.	600
	BANDALUX INDUSTRIAL, S.A.	900
ALUMAN SISTEMAS, S.L.	900	
XXI Premios COAG	ASOCIACIÓN CLÚSTER DEL GRANITO	2.000
	COMUNICANDO CONSULTORÍA DE COMUNICACIÓN SLU	2.000
	OTIS MOBILITY, S.A.	2.000
	TECSOLED, S.L.	2.000
	RODIÑAS PRETENSADOS, S.L.	2.000
	SAINT-GOBAIN ESPAÑA, S.L.	2.000
	SETGA S.L.U.	2.000
	BANDALUX INDUSTRIAL, S.A.	6.000
	FINANCIERA MADERERA, S.A.	6.000
	TEJAS VERA, S.A.U.	2.000
	ALUMAN SISTEMAS, S.L.U.	6.000
	EPIFANIO CAMPO SL	2.000
	ALUMINIOS CORTIZO S.A.U.	6.000
Total:		68.200

1.6. PeG_Resumo

O resultado positivo do exercicio 2025 foi de 246.706 €.

O aumento do resultado con respecto a 2024 débese fundamentalmente ao aumento no volume de visado de proxectos.

Tamén aumentan os ingresos por convenios, debido ao Proxecto Terra, e por patrocinios.

Hai que destacar a firma da subrogación da hipoteca de Doutor Cadaval, que mellora as condicións financeiras do COAG.

Ter un resultado positivo é un indicador dunha boa saúde financeira ao cubrirse todos os gastos cos ingresos. Así mesmo, o colexio pode asumir os pagos que non son considerados como gasto, como a devolución dos préstamos e os investimentos. Isto implica rendibilidade, boa xestión económica e sustentabilidade a medio/longo prazo.

2. BALANCE DE SITUACIÓN

O Balance de situación reflicte a situación patrimonial e financeira da entidade, tanto os bens e dereitos de cobranza como as débedas e continxencias.

A longo prazo o COAG presenta unha situación de solvencia, tendo uns activos de 11.044.207 €, fronte a unhas débedas a longo prazo cada vez menores de 3.906.649 €.

A débeda a longo prazo diminuíu un 7,29% con respecto a 2024.

	31.12.21	31.12.22	31.12.23	31.12.24	31.12.25
Préstamo Arquia Doctor Cadaval - Vigo (4.100.000 €)	3.437.374	3.373.384	3.300.952	3.028.444	2.945.002
Préstamo Abanca Marqués de Valladares - Vigo (500.000 €)	275.463	250.150			
Préstamo Abanca Casa da Conga - Santiago (550.000 €)	218.170	188.757	161.254	133.809	104.740
Préstamo Arquia Federico Tapia - A Coruña (1.652.783 €)	543.556	450.257	353.157	252.823	147.348
Préstamo Abanca (900.000 €)	165.344	45.105			
Póliza de crédito Arquia					
Préstamo Arquia - cancelación póliza (1.800.000 €)	1.361.899	1.299.360	1.042.420	976.673	909.263
Total deuda con entidades de crédito	6.001.806	5.607.013	4.857.783	4.391.749	4.106.354

Disminución anual deuda bancaria:	-758.650	-394.792	-749.230	-466.034	-285.395
--	-----------------	-----------------	-----------------	-----------------	-----------------

Os indicadores de endebedamento melloraron debido a unha menor débeda bancaria:

	2021	2022	2023	2024	2025
Endebemento (0,40-0,60)	1,00	0,87	0,74	0,64	0,61

O fondo de manobra, é dicir, os recursos dos que dispón a entidade unha vez cumpriu coas súas obrigacións a curto prazo, segue sendo positivo para poder cubrir as posibles continxencias que puidese haber no curto prazo.

	2024	2025
Recursos c/p	1.399.883	1.445.413
Obrigacións c/p	-611.799	-824.386
Fondo de manobra	788.084	621.026

O COAG presenta uns bos niveis de solvencia e liquidez.